



ANEXO 1

INFORMACIÓN PARA PAIS/NAIS/TITORES DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

A dirección da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol informa as/aos nais/pais/titores de menores matriculados neste centro que poden obter información sobre a asistencia ás clases das/dos súas/seus fillas/os a través das seguintes vías:

- consultando a asistencia a través da aplicación informática [CENTROS NET - Sección de Cedeira](#)

Usuario: nº expediente do alumno (reverso do carné da eoi) ou data de nacemento (co formato 00/00/0000)

Contrasinal: DNI da/do alumna/o

Contraseña persoal de alumno/titor: a introducida polo usuario no momento da matrícula.

- acudindo ao centro no [horario de xefatura de estudos](#)

- contactando coa xefatura de estudos telefonicamente ou ben por correo electrónico:

Teléfono: 881930076 (IES Punta Candieira)

e-mail: cedeira@eoiferrol.org

No caso de ter clase de E.S.O. ou Bacharelato algunha tarde que coincida coas clases da Escola Oficial de Idiomas, recoméndase entregar ao profesorado a través do alumnado un xustificante do centro para que esas faltas sexan contabilizadas como xustificadas.

AUSENCIA DO PROFESORADO

A Escola Oficial de Idiomas de Ferrol – Sección de Cedeira non dispón de profesorado de garda que se poida facer cargo do alumnado menor cando o seu profesor/a non pode impartir a clase. Neses casos, seguirase o seguinte protocolo:

1. Ausencia prevista

A información sobre a ausencia do profesorado está á súa disposición na páxina web da EOI Ferrol – Sección de Cedeira, no apartado "[ausencia do profesorado](#)". Nese caso o pai/nai/titor deberá comprometerse a non enviar ao menor ao centro ata que o/a profesor/a se incorpore ou sexa substituído/a.

2. Ausencia imprevista

Cando a ausencia do profesorado é motivada por unha causa imprevista, enviarase, sempre que sexa posible, un sms ao teléfono móbil facilitado no momento da matrícula á maior brevidade posible, notificando esta incidencia.